

**SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE RESPECTO A CONTRATO COA CADEA COPE**

PLENO 16 SETEMBRO 2014. ACTA 12/2014

**Coñecido o contrato realizado polo Concello coa empresa Radio Popular S.A. - COPE, para a promoción radiofónica do municipio de Redondela”, solicitamos a comparecencia do Alcalde para que dea as explicacións oportunas sobre esta contratación e responda ás seguintes cuestións:**

- Cales foron os criterios que determinaron a elección de dita emisora como beneficiaria do contrato?**
- Nas entrevistas contratadas e programa dedicado a Redondela, ten prevista a participación dos demais grupos da Corporación ou vai ser só publicidade e louvanza do PP?**
- Considera oportuno deixar a responsabilidade de dito contrato nas mans dunha persoa, cargo de confianza nomeada por vostede, nin electa nin funcionaria?**

*O alcalde sinala que pretenden dar a coñecer as actividades que realiza o concello propias da cultura e das tradicións de Redondela, mellorando a calidade dos eventos e promocionando o municipio dentro e fora do mesmo. Di que fixeron actuacións en moitos medios como redes sociais, prensa, radio e televisión e que esta non é unha actuación illada senón que se atopa dentro dun plan de posta en valor da marca Redondela. Sinala que xa houbo acordos con outras emisoras como Ondacero, RadioVigo e Radiovoz, e varias televisións, cada unha coa súa especialidade e tamén varios medios escritos. Di que isto facíase xa co goberno anterior e que se están cumprindo os obxectivos xa que non se fala do goberno nin do PP senón dos eventos que espallan a Redondela. Parecéulle que a persoa designada é a máis axeitada e antes de nomeala o consultou cos técnicos.*

*O concelleiro BLANCO PÉREZ di que se lle di que hai contratos con outros medios , válelle. Cuestiona que a persoa á que se refire sexa a máis axeitada. Refírese ás audiencias relativas de cadanseu dos medios.*

*Alcalde sinala que ás veces hai informacións que se emiten ao marxe deste tipo de contratos e que aínda que aquí haxa medios que non son os máis coñecidos a difusión é despois moito maior. Pensa que está saíndo bastante ben.*